


Escolas deportivas de Ames, espazos seguros para o galego

O *Mapa sociolingüístico escolar de Ames* amosou que a maior parte das familias do concello teñen o galego como lingua primeira, porén a amplísima maioría das nenas e nenos deixa de usar a lingua nos primeiros anos da escolarización. Esta renuncia non é unha elección individual, nin sequera en moitos casos familiar, senón que se debe a **presión dun medio maioritariamente castelanfalante no que aínda perduran prexuízos cara ás persoas que usan o galego.**

O Concello de Ames leva anos traballando en distintas liñas para revertir esta situación e garantir o dereito da xente máis nova a ser plenamente competente e a usar a lingua propia do territorio, co convencemento de que **o galego sempre suma** e que pode abrir múltiples portas para o futuro.

As escolas deportivas son espazos clave para reequilibrar a situación e garantir que todas as persoas poidan gozar, en igualdade de condicións, das vantaxes de ser competentes na lingua propia do territorio. O deporte é un ámbito privilexiado para educar en valores (o traballo en equipo, o esforzo, o respecto, o coidado persoal...) e para crear comunidade. Fomentar o galego forma parte dese mesmo obxectivo: construír espazos inclusivos e cohesionados, onde todas e todos poidamos expresarnos e sentirnos parte.

Por este motivo, o Concello de Ames, responsable directo destas actividades, aposta decididamente por **que as escolas deportivas sexan espazos seguros para o galego e que, conforme á normativa vixente, todo o persoal empregue esta lingua, tanto oralmente como por escrito, en todas as actividades.**



Uso habitual do galego en Ames, proxenitores fronte a adolescentes.

Por iso lembre que o galego ten que ser a lingua vehicular das escolas deportivas

O obxectivo é que os as escolas deportivas garantan o dereito das nenas e dos nenos a usar o galego:

Contribuíndo á aprendizaxe

- Os contextos lúdicos e deportivos son especialmente favorables para unha aprendizaxe significativa e para activarmos as competencias lingüísticas.
- Nas actividades deportivas empregamos un vocabulario particular que aprendemos aquí de forma natural.

Dinamizando o uso do galego

- As adestradoras e adestradores somos referentes de comportamento: o noso exemplo é a mellor ferramenta para fomentar o uso da lingua.
- Podemos tamén acompañar e animar activamente ao uso do galego, pero evitando corrixir, para que desapareza o medo a equivocarse e medre a autoconfianza.

Eliminando prexuízos lingüísticos


- É imprescindible consolidar o galego como a lingua normalizada no deporte e nos espazos lúdico-educativos.
- Non permitiremos ningunha forma de acoso ou discriminación lingüística (mofas, bromas, diferenciacións...) para garantir que as escolas son espazos seguros e fomentar que as e os galegofalantes non abandonen a lingua.
- O alumnado que veu de fóra de Galicia tamén ten o dereito e precisa adquirir a lingua do territorio no que viven. Falando en galego entendémonos e fomentamos a súa integración.

As adestradoras e adestradores das escolas deportivas municipais precisamos ter consideracións relacionadas coa lingua...



Nos adestramentos e competicións

- Lembar que fomentar a lingua é un obxectivo transversal de todas as actividades que dependen do Concello de Ames.
- Utilizar coa maior corrección posible o vocabulario específico da nosa disciplina.
- Estar alerta ante posibles conflitos lingüísticos e aproveitálos para desmontar prexuízos.



Nas prácticas lingüísticas propias

- As persoas adultas somos referentes e modelos de comportamento.
- Debemos utilizar sempre o galego, sexa ou non a lingua maioritaria, tanto nas instrucións como nas conversas ou nos momentos de complicidade.

...e coñecer mellor as características lingüísticas do alumnado,

- O galego está moito máis presente nas familias de Ames do que podemos pensar.
- Que un usuario ou usuaria non fale galego na escola non quere dicir que non o faga na casa.
- A xente que se criou noutra lingua tamén ten dereito a aprender o galego. Falándolle axudámosles!



e valorar o noso traballo!

As actividades deportivas son fundamentais no proceso educativo e isto supón unha gran responsabilidade. As adestradoras e adestradores transmitimos valores fundamentais, educamos e somos un modelo de comportamento.

Como profesionais da educación, debemos reflexionar sobre as consecuencias das nosas actuacións, non participar de prexuízos e contribuír ao desenvolvemento de actitudes positivas cara á diversidade lingüística, especialmente cara á lingua que nos cohesionamos e que nos identifica como galegas e galegos.

